FICHA DE LECTURA.

Ficha bibliográfica.

- Datos básicos: título, nome e apelidos do autor, colección, editorial, lugar e data de edición.

Presentación.

- Xénero literario: narrativa (novela ou libro de relatos), poesía ou teatro.
- Subxénero literario (para a novela): novela de aventuras, ciencia-ficción, terror, histórica…

Noticia do autor/-a.

- Breve reseña da vida e, sobre todo, da obra do autor ou autora.

Tema ou temas.

- Sinalarase o tema principal diferenciándoo, ademais, dos temas secundarios.

Argumento.

- Non pode superar nunca as dúas páxinas de extensión. Débedes ser sintéticos e ofrecer unha idea xeral da obra sen entrar en detalles superficiais.

Personaxes.

- Descrición dos protagonistas (aspecto físico, conduta, linguaxe…).
- Establecemento de personaxes principias e secundarios.

Tempo e espazo.

- Determinar a época na que ten lugar a acción do relato.
- Descrición do espazo no que se desenvolve a acción (único, múltiple, aberto, pechado…).

Valoración persoal.

- Hai que emitir unha opinión argumentada sobre a lectura sinalando aquilo que máis ou menos vos gustou, os seus puntos fortes ou fracos, os personaxes máis atractivos e suxerentes, o que se pode aprender coa lectura da obra etc. Ademais, debedes facer unha reseña da obra, unha especie de recomendación para outros/-as lectores/-as na que indiquedes a que tipo de público pode gustarlle dando claves para atraer aos lectores/-as que lles pode gustar (segundo os temas e valores que trata, en relación a outras obras lidas ou a películas vistas…).

<u>Observacións</u>

Unha vez lida a obra o alumn@ elaborará un traballo a partir desta ficha de lectura. A lectura dunha obra literaria e a elaboración do traballo por trimestre é imprescindible para superar a materia. O traballo será cualificado como APTO/ NON APTO.